



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 15 DE XANEIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:35 horas do día 15 de xaneiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 13-01-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Benjamín Collazo.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).

Previamente ao inicio da sesión o Secretario da Mesa de Contratación informa que a hora do inicio deste acto aínda non se notificou polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a suspensión na tramitación do expediente por terse presentado un recurso especial contra este expediente.

Comprobada esta circunstancia abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores que se citan a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:54	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE45-CA4754-87B7E4-NA436T-3T1BGM-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. URBASER, S A(pertence ao grupo empresas con IMESAPI, SA e SICE)
2. UTE EXTRACO S A(50% participación)- SIELVIGO S L (50% participación)
3. UTE FERROVIAL SERVICIOS, S A (50% participación) – ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS SAU (50% participación)
4. AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S A
5. ACEINSA MOVILIDAD, S A
6. UTE IMESAPI, SA (60% participación)(pertence ao grupo empresas con URBASER, S A e SICE) FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA (20% participación)- FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGETICAS, SAU (20% participación)
7. OHL SERVICIOS INGESAN, S A
8. SOCIEDAD IBERICA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS, S A (SICE); (pertence ao grupo empresas con IMESAPI, SA e URBASER,S.A.)
9. SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS, S A (SECE)
10. ALUMBRADOS VIARIOS, S A (ALUVISA)
11. TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A.

2.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).

En acto público abriuse o sobre B que contén a oferta técnica de tódolos licitadores admitidos.

Da documentación presentada e nun primeiro control non se atopou na oferta presentada por ACEINSA MOVILIDAD, S A o presuposto desglosado do servizo, polo que se lle solicita ao servizo xestor que comprobe a oferta e informe a Mesa de Contratación da existencia ou non deste documento.

Cando xa rematou a apertura dos sobres D. Rubén Galiñanes Fenández representante de Sielvigo, S.L. informa que nese momento recibiu unha notificación por correo electrónico do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais acordando a suspensión na tramitación do expediente. Esta circunstancia foi comprobada igualmente polo Secretario da Mesa de Contratación na dirección de correo electrónico do servizo de Contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:54	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE45-CA4754-87B7E4-NA436T-3T1BGM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A vista desta circunstancia a Mesa por unanimidade acorda non continuar coa tramitación do expediente que quedará custodiado xunto coas ofertas presentadas polos licitadores pola Secretaría da Mesa de Contratación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:45 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén

